

**ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS
DO MUSEO DO POBO GALEGO**

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2019

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, coordinadora do Museo do Pobo Galego,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro da Xunta Reitora,
Colexio Vilas Alborada, representado por D. Javier Vilas López.
Concello de Valga, representado por D. José M. Bello Maneiro,
D^a. Carmen Alborés Maceiras,
D^a. María Xosé Bóveda Fernández,
D. David Conde Lourido,
D. Juan Conde Roa,
D^a. Mercedes Espiño Amil,
D. Severiano Fernández Hervías,
D. Anxo Fernández Otero,
D^a. María José García Álvarez,
D. Xesús García Devesa,
D^a. Anxos García Figueira,
D. José García Santamarina,
D. Carlos Gómez Bermúdez,
D. José Manuel González Monje,
D. Xosé Lago García,
D. Agostiño E. Landeira García,
D. Xosé Daniel López Muñoz,
D. Mariano Guizán Sánchez,
D. Xoán Ramón Marín Martínez,
D. José C. Martínez Cimadevila,
D^a. Rosa Martínez Ferreiro,
D. Luis Martul Tobío,
D. Xoán Xosé Molina Vázquez,
D^a. Beatriz Noya Mariño,
D^a. Encarna Otero Cepeda,
D. Eduardo Otero Iglesias,
D^a. Almudena Otero Villena,
D. Xesús Palmou Lorenzo,
D. Xulio Pardellas de Blas,
D. Xaquín Penas Patiño,
D^a. Milagros Pereira Carnero,
D. Xerardo Pereiro,
D. Fernando Pintos García,
D. Fernando Reyes Ferrón, e
D^a. Pilar Sampedro Martínez,
D. Miguel Anxo Seixas Seoane,
D^a. Beatriz Torres Colomer,
D^a. María V. Fontelo
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D. Manuel Vilas Tubío,
D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez,
D. Celestino Viz Otero,
D. José A. Zambrano Casas,
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora

DESCULPAN A AUSENCIA:

D. Xosé Manuel Souto
D^a. Estefania Lodeiro Paz
D. Santiago Bermejo

En Santiago de Compostela, a 4 de maio de 2019, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios e socias, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia

de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e desculpas de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente da Asemblea quen, despois de expresar o agradecemento aos patrocinadores e socios protectores do MPG, procede a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 5 DE MAIO DE 2018.

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral celebrada o 8 de maio de 2010, a acta da Asemblea Ordinaria do 5 de maio de 2018, estivo a disposición dos socios e socias no portal dixital do Museo.

Apróbase a acta.

2. ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS SOCIOS E SOCIAS NO PADROADO E NO CONSELLO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN.

En cumprimento do disposto na normativa do MPG, iniciouse o procedemento para a elección de cinco representantes dos socios e socias na Asemblea Xeral do Padroado elixidos na Asemblea do 2015 que cesan no seu mandato, e que viñan sendo ocupados por:

- D. Santiago Bermejo Díaz de Rábago
- D. Francisco Cadaval Ayaso.
- D. Jose María Laredo Cordonie.
- D^a Rosa Martínez Ferreiro
- D. Eduardo Otero Iglesias.

Remitida a documentación pertinente o 26 de marzo de 2019, abriuse o prazo de presentación de candidaturas até o día 30 de abril, no que se presentaron en tempo e forma:

- D. José Alberto Zambrano Casas.
- D. Xulio Pardellas de Blas.
- D. Anxo Regueiro López.

O secretario da XR verificou que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos establecidos no artigo 26 do Regulamento de Réxime Interno da Asociación do Padroado do Museo do Pobo Galego e figuran na lista de socios e socias elixibles, polo que procede á proclamación da mesma. Segundo o disposto no artigo 18 do Regulamento de Réxime Interno do Padroado do MPG, ao ser inferior o número de candidaturas presentadas ao número de vacantes existentes, procede a súa proclamación como representantes dos socios e socias no Padroado por 4 anos até o 2023.

Ao quedar aínda vacantes 2 postos, o secretario pregunta se calquera dos presentes na Asemblea quere presentar persoalmente a súa candidatura. Preséntanse :

- D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez.
- D^a . María José Bóveda Fernández.

Ao non ser superior o número de candidaturas presentadas ao número de postos vacantes, o secretario levanta acta da elección e o presidente da Asemblea proclama como representantes de socios e socias no Padroado do MPG aos candidatos presentados.

A continuación cómpre proceder á elección de vogais representantes dos socios e socias no Consello de Goberno entre quen foron nomeados representantes. Cómpre cubrir unha praza de vogal entre as 5 persoas elixidas representantes no Padroado polo mesmo prazo de 4 anos.

Á pregunta do secretario, presentouse unha única candidatura , que foi proclamada como vogal en representación dos socios e socias no Consello de Goberno.

- D. Xulio Pardellas de Blas.

3. INFORME DO CONSELLO DE GOBERNO.

D. Justo Beramendi González, presidente da Asociación e do Consello de Goberno, consonte coas súas obrigas específicas, comparece ante os socios e socias para presentar o informe enumerando o desenvolvemento da súa actividade no período transcorrido dende a Asemblea de maio de 2018.

3.1. Dirección do Museo.

O organigrama que puxemos en marcha en xaneiro 2018 para suplir a vacante na dirección do Museo, e do que dimos conta a esta Asemblea na reunión de maio, ven funcionando aceptablemente, gracias ao esforzo suplementario dos integrantes da Comisión Permanente e dos membros do Padroado e do voluntariado que colaboran asiduamente, así como á dedicación do persoal do Museo. A todos eles o presidente expresa publicamente o seu agradecemento para que conste en acta.

Neste ano o Consello de Goberno celebrou seis reunións (26-VI-18, 20-IX-18, 29-XI-18, 10-I-19, 14-III-19 e a prevista para o 8-V-19) e a Comisión Permanente dez (5-VI-18, 25-VI-18, 18-VII-18, 18-IX-18, 26-X-18, 16-XI-18, 23-I-19, 26-II-19, 9-IV-19 e 22-IV-19), algunhas destas seguidas de sesións de traballo cos Departamentos para a elaboración da proposta de programación de 2019 e para seguimento da execución das programacións anuais correspondentes.

O 27 de xullo o presidente, acompañado da vicepresidenta e do tesoureiro, reuníronse na Consellería co secretario xeral de Cultura, Sr. Lorenzo, e co secretario xeral técnico Sr Oitavén para pedirles un aumento da subvención incondicionada que permitise cubrir mediante contrato a vacante da dirección. Amosáronse receptivos pero advertiron que só poderían facelo se no próximo exercicio aumentaba a dotación total da Consellería. Por fortuna, no proxecto de orzamentos da Xunta para 2019 esa partida incrementouse en 30.000 € o que permitiu abordar a contratación dunha persoa para a dirección, aínda que a estimación dos custos laborais totais (incluída a Seguridade Social) para un salario bruto anual de 30.800€ estíbase por riba dos 40.000 €. Co fin de intentar cubrir este desaxuste, o presidente e o tesoureiro entrevistáronse o 9 de novembro coa vicepresidenta da Deputación da Coruña, D^a Goretti Sanmartín, para ver se a Deputación podía subir 5.000/10.000 € a súa cota, algo do que se falara ao comezo do actual mandato. Díxonos que os orzamentos estaban xa pechados pero prometeu ver se podía facerse algo.

Aprobados os orzamentos da Xunta segundo o previsto, a asemblea do Padroado de decembro de 2018 aprobou poñer en marcha o procedemento de contratación. Os Estatutos, establecen que corresponde ao Consello de Goberno facer unha proposta a asemblea do Padroado para que esta decida. Con tal fin, o Consello de Goberno aprobou o 10 de xaneiro de 2019 a convocatoria do concurso de méritos para a selección de candidatura á dirección do MPG, segundos as Bases (anexo 1) que foron enviadas o 14 de xaneiro de 2019 aos membros do Padroado e a todos os socios do MPG e publicadas na web e nas redes sociais da Asociación. Acordou tamén a composición da comisión de Selección: presidente, Justo Beramendi González; secretario, Francisco Javier Sanjiao Otero; vogais: Concepción Losada Vázquez, Lino Lema Bouzas, Mercedes Rozas Caeiro e Esperanza Delgado Rosende.

Recibíronse dentro de prazo doce solicitudes asinadas polas seguintes persoas:

1. Juan Ángel Anca Calvo
2. Carolina Casal Chico
3. Mario César Vila
4. Mariela Clark
5. Sonia Engroba Cabana
6. Ana Isabel Filgueiras Rei
7. Sabela López Pato
8. Marcos Lorenzo Gallego
9. Ana Rial Maneiro
10. Alexandre Rodríguez Gómez
11. Luis Velasco Martínez
12. Manuel Vilar Álvarez

Na súa reunión de 26 de febreiro, a Comisión de Selección, logo de comprobar a documentación presentada, acordou non admitir a Mariela Clark e Ana Rial Maneiro por non acreditar titulación superior na área de Humanidades e admitir aos dez restantes. Analizados os seus currículos e proxectos cos criterios establecidos nas Bases, a Comisión decidiu o 27 de febreiro descartar as solicitudes de Mario César Vila, Sonia Engroba Cabana, Marcos Lorenzo Gallego, Alexandre Rodríguez Gómez e Luis Velasco Martínez por entender que non daban o perfil buscado, ben fose pola súa formación/especialización académica, pola súa experiencia profesional, polo seu grado de coñecemento das peculiaridades do MPG e/ou polo de adecuación do proxecto ás súas necesidades e posibilidades.

En consecuencia, pasaron á segunda fase e foron convocados a unha entrevista coa Comisión Juan Ángel Anca Calvo, Carolina Casal Chico, Ana Isabel Filgueiras Rei, Sabela López Pato e Manuel Vilar Álvarez. Asemade a Comisión solicitou dun patrón con ampla experiencia en museos una valoración destas cinco candidaturas para contar cunha opinión externa complementaria que, ao cabo, coincidiu de abondo coa da propia comisión.

Celebradas as entrevistas os días 12 e 13 de marzo, e aínda que en todos os casos os entrevistados expuxeron algunhas ideas interesantes para o presente e o futuro do Museo, a Comisión chegou á conclusión de que a persoa que, amén da súa obra como etnógrafo e a súa experiencia profesional nese ámbito, mellor coñecía o funcionamento e os problemas tanto do Museo como do Padroado e que ofrecía un proxecto máis realista era Manuel Vilar Álvarez, polo acordou por unanimidade propoñer a súa candidatura ao Consello de Goberno.

Tamén por unanimidade decidiu, acolléndose á posibilidade contemplada nas Bases, propoñer dous suplentes, con vixencia durante seis meses contados a partir do nomeamento do director pola Asemblea, por se a persoa proposta en primeiro lugar non tomase posesión do cargo ou tivese que abandonalo nese tempo polas causas que fosen. Esas persoas, en orde de prelación, son:

- Suplente 1ª, Ana Isabel Filgueiras Rei.
- Suplente 2ª, Sabela López Pato.

O Consello de Goberno, na súa reunión de 14 de marzo, aprobou por unanimidade e sen modificacións esta proposta da Comisión de Selección e acordou elevala á Asemblea do Padroado, pero non a unha sesión extraordinaria, como inicialmente estaba previsto, senón á ordinaria do mes de maio, en razón da proximidade das datas e de que a sobrecarga de traballo por mor do Ano Fraguas e dos traballos para a ampliación do museo non facían aconsellable a duplicidade de convocatorias.

3.2. Fundación Antonio Fraguas Fraguas e Ano Fraguas.

O Padroado da Fundación xuntouse o 28 de xuño para a liquidación dos orzamentos de 2017, que foi aprobada. Ademais aprobouse que D. Lino Lema cubrixe a vacante producida pola morte de D. Carlos García Martínez e acordouse apoiar a proposta do Concello de Cotobade para que se adicase o Día das Letras Galegas de 2019 a D. Antonio Fraguas, así como encomendar a D. Xosé Manuel González Reboredo e D. Clodio González Pérez a recompilación e edición da obra etnográfica de D. Antonio referida a Cotobade e a súa comarca.

O xurado da XI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas reuniuse o 21 de xuño na sede do Museo do Pobo Galego, e despois das deliberacións acordaron por unanimidade:

- Conceder o premio da modalidade de ensino primario ao proxecto Pintando o patrimonio, definimos a nosa identidade, presentado polo CEIP Ana María Diéguez de Asados (Rianxo), polo esforzo en divulgar os elementos do patrimonio etnográfico e histórico da súa contorna, a través dun traballo de investigación escolar que culminará nun mural colectivo que poderá servir de referencia para a comunidade local.
- Conceder o premio da modalidade de ensino secundario ao proxecto Iconografía sacra e profana no concello de Silleda, presentado polo CPR María Inmaculada de Silleda, por favorecer estratexias de investigación e divulgación que permitan o coñecemento de manifestacións artísticas do concello. O xurado estima que un proxecto tan exhaustivo e ambicioso requirirá dunha implicación permanente non só da comunidade escolar senón tamén de especialistas nestas materias.

A decisión posterior da RAG de dedicar o Día das Letras a D. Antonio obrigou ao Consello de Goberno a elaborar unha proposta de programación ad hoc para 2019, proposta que foi sometida ao padroado da Fundación e aprobada por este na súa reunión de 18 de outubro (Anexo 2).

O 13 de novembro o presidente e a vicepresidenta presentaron esta programación ao Conselleiro de Cultura, que estaba acompañado de D. Anxo Lorenzo e D. Valentín García. Aceptaron encargarse do vídeo e interesáronse pola posibilidade de aproveitar os materiais da exposición de 2006 para confeccionar outra transportable que circule polos centros de ensino. Acordouse asinar en xaneiro un protocolo de colaboración entre a Xunta e o Padroado.

Por outra parte, o secretario, D. Fuco Sanjiao encargouse das xestións cos herdeiros de D. Antonio en relación coa titularidade dos dereitos de autor, que agora serán xestionados por nós. Mantevo tamén contactos coa editorial Galaxia en relación coa publicación do libro coordinado polos patróns D. Xosé Manuel González Reboredo e D. Clodio González Pérez.

O programa aprobado pola Fundación Antonio Fraguas e o Consello de Goberno vaise cumprindo puntualmente nestes primeiros meses de 2019. O próximo día 14 inaugurarase no Museo a exposición sobre a súa vida e obra realizada polo equipo técnico do Museo xunto cun vídeo financiado pola Dirección Xeral de Políticas Culturais. A mostra permanecerá aberta ao público até o 28 de decembro, aniversario do nacemento de D. Antonio, día no que se celebrará un acto de peche do Ano Fraguas. O Consello de Goberno fai constar o seu agradecemento ao esforzo feito por Dª María Xosé Fernández Cerviño, Dª Mercedes Rozas, Dª Rosa Méndez, D. David Conde, Dª Belén Saenz-Chas e D. Manuel Vilas.

Coa nosa colaboración, a Secretaría Xeral de Política Lingüística fixo unha exposición itinerante a base de paneis que se inaugurou o 15 de abril na Biblioteca Ánxel Casal de Santiago e que está previsto circule por diversas cidades de Galicia.

O Museo, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega acordaron o 15 de xaneiro realizar conxuntamente en novembro un simposio en homenaxe a D. Antonio Fraguas. A sesión inaugural terá lugar na sede da RAG e as seguintes no Museo. A tal efecto ficou constituída unha comisión organizadora tripartita, na que o Padroado está representado por D. Clodio González Pérez.

Pola súa parte, o DEAC, amén de actualizar a unidade didáctica sobre Fraguas, ven desenvolvendo unha programación propia adaptada á conmemoración.

Por outra parte, un numeroso grupo de membros do Padroado prodigáronse nestes meses na edición de libros e na redacción de artigos para revistas académicas ou para xornais, en entrevistas aos medios, e na representación do Padroado e da Fundación Fraguas en multitude de actos de homenaxe ou xornadas en entidades culturais e centros de ensino en diferentes cidades e vilas, así como na xestión dos trámites administrativos que implicaban algunhas destas actividades. Omitimos a enumeración pormenorizada de todo isto porque faría interminable este informe. Porén, cómpre salientar tamén a sobrecarga de traballo que provocou no persoal, nomeadamente para atender consultas e peticións de libros e documentos ao Departamento e Biblioteca e Arquivo e para a súa responsable D^a Rosa Méndez.

Como resumo podemos afirmar que, sen prexuízo dalgún fallo puntual, o balance deste ano Fraguas ven sendo satisfactorio e que nós cumprimos co noso deber de achegar á celebración todo o que nos correspondía na nosa condición de legatarios maiores da memoria de D. Antonio. Como beneficio colateral, o Museo incrementou positivamente a súa presenza pública. Sirvan como exemplos disto que a nosa participación foi destacada tanto na apertura do ano en Cotobade o 13 de xaneiro como o será nos actos centrais do día 17 de maio coa intervención de D. Clodio González Pérez ou na presentación na sede da RAG o 15 de maio do libro da autoría de María Xosé Fernández Cerviño editado por la Voz de Galicia. No mesmo sentido o 22 de febreiro a Consellería de Cultura presentou a programación do Ano Fraguas no Museo.

3.3. Rehabilitación da Ala Sur.

O equipo técnico do Consorcio ven traballando no proxecto de execución da rehabilitación da ala sur. A petición da xerente do Consorcio, o 17 de decembro, reuníronse no Museo os órganos de goberno do Consorcio con asistencia dos representantes do Concello de Santiago, da Administración Central e da Xunta de Galicia. Foi presentado aos medios de comunicación o proxecto de rehabilitación da ala sur, proxecto rematado despois e do que acabamos de recibir unha copia. Tamén foi aprobado un orzamento de case 3 millóns de euros.

A previsión do Consorcio é que as obras empecen á volta do verán o que implica que deberemos baleirar antes todo o que temos na ala sur (almacéns do baixo cuberta e de partes do segundo andar máis as salas de prensa e imprenta e de oficios urbanos do baixo). Inicialmente dérasenos a entender extra oficialmente que os custos da mudanza e almacenamento deses materiais (superiores aos 30.000€) ían incluídos no orzamento da rehabilitación, pero na reunión que mantivemos no Consorcio o 14 de febreiro díxosenos oficialmente o contrario, isto é, que tiñamos que asumir nós ese gasto. O tesoureiro está encargado tanto de organizar a mudanza como de encaixar a partida no noso orzamento.

Por outra parte, o presidente decatouse de que no proxecto se contemplaba a limpeza e restauración das fachadas da ala sur e da igrexa pero non a da fachada principal do edificio conventual, que forma un ángulo recto coas anteriores, co que quedaría un contraste realmente impresentable. Fixemos notar esta incongruencia á xerente do Consorcio na reunión citada e só obtivemos unha negativa a cambiar nada. Nas reunións que mantivemos o 18 de marzo co conselleiro Román Rodríguez e o director xeral Anxo Lorenzo e o 3 de abril co alcalde de Santiago presentámoslles esta cuestión e todos estiveron de acordo connosco e prometeron intentar arranxalo, cousa que conseguiron porque posteriormente nos comunicaron que se restaurará tamén a fachada sur do convento.

3.4. Novas salas

Como xa informamos a este Padroado, o Consorcio tiña prevista unha partida de 45.000€ para subvencionar o proxecto museográfico das novas salas, proxecto que na primeira versión do Consorcio deberíamos contratar nós mediante concurso, pero o 3 de xuño do ano pasado se nos comunicou que, por cuestións normativas, sería o propio Consorcio quen convocaría o concurso e contrataría e non foi até o 23 de outubro que se nos aclarou que nós teríamos que aportar unhas especificacións moi detalladas de espazos e

elementos a expoñer, polo que a comisión que tiñamos traballando no asunto tivo que cambiar de criterio sobre a marcha e case empezar de novo. Por desgracia o culebrón non acabou aquí. Na citada reunión de 14 de febreiro co Consorcio houbo un novo trasacordo deste e a responsabilidade de convocar o concurso e contratar volveu recaer sobre nós, aínda que polo menos se mantiña a subvención de 45.000€. Isto obrigounos a engadir ao traballo de rematar as especificacións museográficas o de redactar unhas bases máis ou menos en sintonía coa lexislación en materia de contratación pública.

No primeiro aspecto continuou traballando a comisión formada polos membros do Padroado D. Felipe Arias, D. Justo Beramendi, D. Francisco Calo, D. Francisco Fariña, D^a María Xosé Fernández Cerviño, D. Clodio González Pérez, D. Xosé Carlos Sierra e D. Manuel Vilar, que contaron tamén co asesoramento e o aporte de datos sobre os fondos do Museo por parte das responsables dos departamentos de Biblioteca e de Coleccións, así como de D. Bieito Pérez Outeiriño. As especificacións a incorporar ás bases están xa rematadas. O encargado de darlle forma ao resto das bases e de obter o visto e prace do Consorcio e dos técnicos das Consellería foi D. Lino Lema, que tamén acaba de rematar esta tarefa, co que esperamos poder enviar a convocatoria ao DOG dentro deste mes. A previsión é que a selección da empresa e a contratación estean feitas a finais de xuño e que a finais de novembro dispoñamos do proxecto museográfico.

Pero aínda quedaba por aclarar quen pagaría a execución dese proxecto, gasto non incluído no orzamento da rehabilitación da ala sur. Falamos desta cuestión coa Consellería e parece ser que están dispostos a asumir e/ou buscar a financiación necesaria, que se estima arredor dos 800.000€.

3.5. Homenaxe a D. Carlos García Martínez.

O acto previsto celebrouse o 27 de outubro de 2018 neste auditorio con asistencia de numeroso público. Interviron María Xosé Fernández Cerviño, Francisco Calo, Teresa Soeiro, Xosé Ramón Fandiño, a nora de Carlos en representación da familia por enfermidade de Carlos fillo, Encarna Otero, Martiño Noriega e Justo Beramendi. Cantou Miro Casabella.

Tamén foi publicado o número de Adra en homenaxe a Carlos. En cambio houbo que adiar a 2020 a edición da obra completa de Carlos García Martínez porque a sobrecarga de traballo provocada polo Ano Fraguas impediu facela en prazo.

3.6. Legado Banet - Dobrkovska:

O 2 de xuño visitou Santiago o reitor da Universidade de Praga. Na reunión que mantivemos con el acordáronse os aspectos principais da tramitación da herdanza. Con posterioridade quedou constituída a comunidade de herdeiros e o Sr Tesoureiro foi dirixindo as diferentes xestións pendentes coa axuda da asesoría de Regino Gómez Villalobos. Xa está feita a taxación dos ben inmobles y queda pendente a repartición dos bens.

3.7. Reforma do vestíbulo.

Aprobado o proxecto polo Consello de Goberno, o presidente e o tesoureiro amosáronllo in situ o 23 de xaneiro ao concelleiro Jorge Duarte, quen non puxo obxeccións. Días despois solicitamos a licencia de obras, que aínda estamos esperando.

3.8. Instituto de Estudo das Identidades.

Ademais dos traballos da comisión para as novas salas, xa mencionados, está case rematado o orixinal do libro correspondente aos Foros de 2017, coordinado por Manuel Blanco Desar, que esperamos saia do prelo neste ano. Respecto do novo foro sobre a identidade galega nun mundo globalizado, coordinado por Uxío Breogán Diéguez, dada a acumulación de traballo deste ano, acordouse adialo a 2020 e procurar financiación mediante colaboracións con outras entidades. Así se fixo o 4 de abril, en reunión coa presidenta do Consello da Cultura Galega, que acolleu ben a proposta pero está pendente de concretar a colaboración en reunións próximas.

O presidente cede a palabra a D^a. Concepción Losada, quen en calidade de responsable do APOI, informa sobre o mesmo. Procedeuse a un cambio da empresa que se encarga do mantemento da estrutura do arquivo. Neste momento non operativo, por estar en proceso de adaptación a causa do cambio dos programas informáticos, se ben agarda que estea operativo en breve.

Respecto do traballo ordinario continúa a subir o material dispoñible e que se pode poñer na páxina dixital. Destaca que está aumentando moito o grado de coñecemento do APOI entre as persoas con interese neste material, como mostra o incremento no número de consultas que recibimos dende Galiza e dende fora para publicación de libros, traballos de investigación, pezas musicais, etc.

3.9. Situación económica.

O presidente cede a palabra ao tesoureiro do Padroado, quen comenta cal é a situación económica da Asociación, un elemento que incide e condiciona en gran parte as actividades e o traballo da nosa institución:

O ano 2018 dende o punto de vista económico transcorreu con normalidade:

Conta de perdas e ganancias.

- No exercicio 2018 tivemos un superávit de,704.430,06 €.
- Os ingresos foron de 1.194.566,79 € 7, que se desagregan da seguinte maneira:
 - As achegas de usuarios como ingresos propios foron de 141.958,11.
 - Subvencións e doazóns 1.052.608,68 €, incluíndo achegas finalistas de Deputación da Coruña e AGADIC para a realización de actividades concretas. A baixa da achega da Xunta de Galicia é só contable, en canto parte hai que trasladalo a exercicios posteriores. O representante da Xunta de Galicia pregunta se é por un atraso no pago que se trasladou ao seguinte exercicio. O tesoureiro responde que non, pois na achega de investimento só se inclúe a porcentaxe correspondente á amortización do investimento neste ano.
 - Por vendas e prestación de servizos ingresamos 55.727,65 €, dos que 42.273,41 € corresponden a entradas ao Museo, 3.615,00 € a servizos prestados e 9.839,24 € por outros ingresos da actividade.
- En canto aos gastos, os de aprovisionamento supuxeron 14.569,00 €, os de persoal 391.075,38 €, incluíndo o persoal asociado a actividades de investimento, o aumento debese as novas achegas para este fin, outros gastos de actividade 128.548,20 €, dos que corresponden a actividades 39.851,40,00 € (lembra que o exercicio anterior aumentaran pola celebración do XL aniversario do Museo), 8.944,00 € a arrendamentos, 40.823,60 € a conservación, 10.676,26,00 € a servizos de profesionais independentes, 2.007,09,00 € a seguros, 16.799,30 € a outros servizos e 40.756,83 € a previsión de amortizacións do inmovilizado

No que reflicte o pasivo corrente, aumentou polo aumento do pago a provedores, xa que a veces hai operacións que se pechan ao final do ano e a factura ven con data do exercicio seguinte, polo que non pode pagarse até o exercicio seguinte en xaneiro. Tamén aparecen 22.717,21 € correspondentes ás retencións de IRPF e cotizacións á Seguridade Social do noso persoal, que hai que pagar no mes de xaneiro necesariamente

Comenta ademais a efectos aclaratorios, que unha vez eliminado o efecto do legado, as contas estarían na liña de todos os anos, en canto salvo esta achega extraordinaria o resto transcorreu polas canles habituais.

Destaca en primeiro lugar que o incremento no noso patrimonio, moi por riba do habitual, deriva da incorporación á contabilidade do montante que nos corresponde da herdanza de Banet – Broszkowa segundo a valoración feita pola axencia correspondente, co que acadamos un aumento patrimonial de 704.430,06 €. Descontado este legado, teríamos un superávit contable de 6.805,52 € cando o 2017 tiveramos un déficit de 8.000.

D. Manuel Banet López de Rego faleceu testando en favor da Univerzita Karlova de Praga (ao 50%), a Asociación ADENA, actual WWF-España (ao 25%), e o Museo do Pobo Galego (ao 25%). Malia os problemas derivados sobre todo pola existencia dunha persoa estranxeira, que complicou moito o procedemento, neste momento está case todo arranxado e agardamos proceder a división desta herdanza. Comprende efectivo, activos financeiros e inmobles. Taxado o conxunto por unha entidade de taxación oficial, agardamos recibir unha achega importante, arredor dos 650.000 euros de poder vender os inmobles no valor de taxación. O interesante, e que permitirá ter un patrimonio que permita respaldar o noso funcionamento.

Realizouse un importante esforzo na realización de actividades, en parte por recoller gastos con vistas a celebración do Ano Fraguas neste 2019.

En canto ao orzamento de 2019:

- O máis relevante é que volvemos recuperar o teito de 600.000 euros que perdemos no ano 2010 cos recortes.

- Neste exercicio, a Xunta de Galicia incrementou a súa achega basicamente para asumir o custo de contratación da dirección, así como un aumento do Concello de Santiago de Compostela, xunto a un aumento coas novas liñas de ingresos do Museo, e os ingresos por achegas condicionadas para a realización de actividades procedentes de convocatorias abertas para programas específicos.
- Destaca tamén a evolución positiva nos ingresos por entradas que se observa no que vai do presente exercicio
- Esta evolución aumentou os nosos ingresos non condicionados ao 43,44%, mentres o restante 56,56 é condicionado.
- En canto ao gasto, o máis importante é o de persoal, derivados do cadro entre 12-14 persoas, o resto dos gastos de funcionamento e moi reducido e están axustados ao mínimo. En total o 74 % do gasto é para funcionamento ordinario, o 24 % para investimento, e o 2% para gasto financeiro.

Para rematar a súa intervención, lembra que un dos obxectivos dende 2008 e a súa posta ao día en función do incremento do IPC, e que a última revisión foi realizada en maio de 2011, para entrar en vigor en maio de 2012, no que se fixou a actual cota mínima en 30 euros. Considera que neste momento correspondería proceder a una nova revisión incrementando a 32 euros esa cota mínima co fin de aplicar a suba do IPC e manter o seu poder adquisitivo.

3.10. Outros asuntos.

Está xa habilitado para a Oficina de Socios o local situado no extremo sur do entrechán do lado oeste, que fora no seu día despacho de D. Antonio Fraguas.

O 26 de novembro, aproveitando a visita a Lugo para asinar o convenio coa Deputación, o presidente e o tesoureiro entrevistáronse co director de Caixa Rural para propoñerlle que a entidade se faga socio protector ou patrocinador do Museo. Meses despois comunicóusenos a decisión positiva da Caixa.

A Consellería de Cultura convocou dúas xuntanzas preparatorias do Xacobeo 2021. O presidente asistiu á primeira e a vicepresidenta á segunda. Houbo intercambio de informacións e ideas pero non se decidiu nada que afecte significativamente ao Museo.

O 7 de febreiro celebrouse na Deputación de Ourense, convocada pola Consellería, unha nova reunión preparatoria do Centenario da Xeración Nós, á que asistiu o presidente en representación do Padroado. O Conselleiro de Cultura informou que teñen previsto facer unha gran exposición e un Congreso Internacional da Cultura Galega e solicitou propostas ás numerosas entidades presentes para estudalas e, no seu caso, incluílas no programa. O presidente adiantou dúas, que logo foron remitidas por escrito dentro de prazo: un seminario ou congreso sobre etnografía e antropoloxía galegas, que tanto podía ser unha sección do xa programado como outro independente; e incluír na programación o noso foro sobre a identidade galega hoxe. Estamos á espera da resposta e de que se celebre a seguinte reunión.

Antes de iniciar a rolda de intervencións, o presidente considera que para tratar o aumento da cota mínima, tería que recollerse de forma explícita na convocatoria da acta, pois nesta Asemblea non poden tomarse acordos que non figuren na orde do día expresamente. Prodúcense distintas intervencións de socios e socias que entenden que podería incorporarse á orde do día de haber unanimidade, pero o socio D. David Conde Lourido expón que o incremento suporía unha sorpresa para aqueles socios e socias que non están presentes. O tesoureiro concorda neste punto e retira a súa proposta de incremento de cotas. O socio D. Xoán Ramón Marín Martínez, propón que para o ano vindeiro se presente formalmente unha suba da cota mínima a 35,00 €. Apróbase esta proposta que se recollerá na orde do día e se tratará na vindeira Asemblea de Socios a celebrar no 2020.

Non habendo máis intervencións, pásase ao seguinte punto na orde do día.

4. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

Toma a palabra a D^a. María Xosé Fernández Cerviño, coordinadora do Museo do Pobo Galego mentres estea vacante a dirección, procede a presentar un informe da Dirección sucinto e informa que estará a disposición das persoas interesadas na portal dixital para a súa consulta (ANEXO 3).

Expresa que moitas das actividades xa foron presentadas no punto anterior do informe do Consello de Goberno, en canto están dentro do Ano Fraguas, eixo fundamental da programación do museo neste ano, así como son unha parte moi importante das consultas e préstamos dos nosos fondos, tanto por parte de investigadores e autores como por parte de numerosas institucións públicas e privadas que neste ano están levando a cabo algunha actividade en homenaxe a D. Antonio Fraguas Fraguas.

Aberta unha quenda de intervencións, o socio D. Xoán Xosé Molina Vázquez di que deberían comprarse máis libros para a biblioteca e non fiar os fondos exclusivamente ás doazóns e intercambios que recibimos. O presidente concorda con esta proposta e entende que sería positiva, se ben lembra que o Museo ten problemas de cartos e de espazo que dificultan realizar estas adquisicións.

5. INFORME DA OFICINA DE SOCIAS E SOCIOS

O representante das socios e socias no Padroado D. Luis Martul Tobío informa das actividades realizadas pola Oficina de Socias e Socios dende maio de 2018 ao día de hoxe.

Ao longo do 2018:

- O 17 de maio os socios desprazáronse a Vilanova dos infantos co fin de participar na romaría Raigame. Nesta ocasión levamos o Obradoiro de Xoguetes e Xogos Populares e asemade unha mostra do material bibliográfico do Museo. Grande participación de nenos e pais.
- Continuaron cos Parladoiros do Museo, impartidos por
 - D^a Raquel Casal: "Xoias Castrexas". Patroa, mes da maio.
 - D. Manuel Caamaño Suarez. "Arquitectura Popular". Patrón . xuño
 - D. Francisco Calo Lourido . "O Mar". Patrón, xullo
 - D. Oli Xiraldez "a música" Artesán e socio. Setembro.
 - D. Xosé Manuel González Reboredo. "Festas populares". Patrón Outubro. Dna. Concepción Losada Vazquez. O APOI. Patroa. Novembro.
 - Dna. Rosa Méndez. Visita guiada á Biblioteca.Patroa. decembro.
- Do 29 ao 2 de xuño celebrouse en Combarro o "XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais. Os representantes de socios atenderon o posto do MPG. A organización do encontro agasallou ao Museo cunha mención especial e unha placa conmemorativa .
- Entre o 2 e o 11 de xullo o Museo do Pobo Galego participou na Semana do Libro de Compostela, dentro do programa SELIC. A Oficina colaborou no seu desenvolvemento.
- O 19 de setembro os socios e socias tivemos o pracer de participar nunha visita, guiada polo comisario Anxo Rabuñal, á exposición TURISMO E FOTOGRAFÍA CATALÁ ROCA 1956-1976, celebrada no Auditorio de Galicia.
- O 6 de Outubro gozamos dunha xeira por Terras de Sober (Ribeira Sacra) , visitamos Proendos e fixemos un pequeno roteiro polos petróglifos e a Igrexa románica de Xillao de Lobios, na parroquia de Sober. Participaron 52 persoas e acompañounos o patron D. Manuel Vilar
- O 11 de outubro: visita guiada a exposición no MPG "BibliotequEROS" O EROTISMO NA Biblioteca do M.P.G.
- O 30 de outubro visita guiada ao PAZO DE FONSECA, onde tivo, no cal se celebrou a exposición "Con Galicia no horizonte" . Camilo Díaz Valiño, .coas explicacións do seu comisario e patrón D. Xosé Ramón Fandiño .
- Dende o 28 de outubro ao 3 de novembro o Museo celebrou unha " Xornada de portas abertas". Colaboraron acompañando a visitantes, informándolles e explicándolle a significación do Museo.

Ao longo do 2019 colaboraron dende a Oficina des socios e socias na 14^a MOSTRA INTERNACIONAL DO CINEMA ETNOGRÁFICO, celebrado entre o 25 e o 31 de marzo, organizada polo DEAC, asistindo en diferentes quendas ao longo dos días en que se celebrou .

O vindeiro 8 de xullo está prevista unha Xeira por Terras de Cotobade como homenaxe á figura de D. Antonio Fraguas Fraguas. O luns enviarán a convocatoria.

Dende a derradeira Asemblea de socios e socias e socios até hoxe, díronse de alta un total de 74 socios, dos cales 51 entre maio e decembro e 23 no que vai de ano.

Hoxe, coincidindo ca Asemblea de socios inaugúrase ao rematar esta reunión a exposición bienal de fotografía etnográfica "ENTREAMIGOS 2019", que presenta 91 fotografías achegadas por D. Miguel Anxo Albarellos, D^a.Margarita Alborés Alborés, D. Xoan Xosé Molina Vázquez, D. Luís Martull Tubio, D. Suso García Devesa, D. Nolo Suárez, D. José Francisco Méndez García, e D^a. Carmiña Alborés Maceiras. Además destaca a participación de D. Denís Estévez Fernández, D^a. María Esteirán, D^a. Edita R. Oca, D. Alfonso Sestelo, e D^a. Mari Vega Cerqueira, quen se adican profesionalmente á fotografía, e quen foron convidados especialmente a colaborar nesta mostra, xunto con outras socias e socios fotógrafos que se desculparon por non poder participar na presente edición. Agradecen á socia D^a. Carmiña Alborés e ó socio D. Luis Martul a súa colaboración especial.

Aproveitan tamén a ocasión da celebración desta asemblea para invitar a todos os presentes a que coñezan o novo despacho da "Oficina de Socios e Socias". Esta era unha antiga reclamación mantida durante moito

tempo e que, por fin, xa é unha realidade. Agradecen ao Museo a cesión dese espazo, e informan que despois da inauguración se servirá un viño que irá seguido dun viño.

O presidente felicita en nome de todos pola gran labor que están a facer dende a Oficina de socios e socias, e tamén fai extensivo o agradecemento da institución ao conxunto de socios e socias, porque son a base social da institución e fan posible que sexamos o Museo do Pobo Galego.

6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non hai

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos, levántase a sesión sendo as 12:45 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión, procédese á IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO A SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE na institución.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

1.103	TORRES COLOMER, BEATRIZ
1.105	SORRIBAS CHAVES, JAVIER
1.106	MOSQUERA BREY, JOSE
1.107	CAMBEIRO CIVES, ISABEL
1.108	LOPEZ MUÑOZ, XOSE DANIEL
1.111	GARCIA-SANTAMARINA FUCIÑOS, JOSE
1.112	LAGO GARCIA, JOSE MARIA
1.114	CONCELLO DE VALGA
1.116	RODEIRO BARROS, MERCEDES
1.119	FERNANDEZ HERVIAS, SEVERIANO
1.121	GARCIA GARCIA, IRENE
1.122	COLEXIO "VILAS ALBORADA"
1.123	GUIZAN SANCHEZ, MARIANO
1.126	SILVA HERMO, BENITA
1.127	CANAL RODRIGUEZ, OSCAR
1.130	COLEXIO PÚBLICO "OS TILOS"
1.131	GARCIA ALVAREZ, MARIA JOSE
1.135	TILVE JAR, MARIA ANGELES
1.137	DOMINGUEZ ILLOBRE, ALBERTO
1.138	FERNANDEZ OTERO, JOSE MANUEL
1.146	RABUÑAL REY, ANXO
1.148	LOPEZ-FELPETO GOMEZ, MANUEL A
1.150	RUA BARCIA, MARIA ESTRELLA
1.153	HERRERO, NIEVES
1.160	FERNANDEZ FONTELO, JUAN
1.162	MARTINEZ CIMADEVILA, JOSE C.

A continuación celébrase a inauguración da exposición Retrospectiva Entre Amigos, fotografía etnográfica e antropolóxica de socios e socias do Museo do Pobo Galego, comisariada por D^a Esperanza Delgado e D^a Carmen Alborés.

Vº e prace, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1: BASES DA CONVOCATORIA PARA O CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN DUNHA PERSOA TITULAR DA DIRECCIÓN DO MUSEO DO POBO GALEGO.

- 1ª. Os solicitantes deberán ter unha titulación universitaria superior na área de Humanidades.
- 2ª. As solicitudes, acompañadas da documentación requirida, remitiranse ou vía E-mail (secretaria@museodopobo.gal), ou por correo certificado (Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval, s/n – 15703 Santiago de Compostela) ou por entrega presencial no rexistro do Museo. O prazo de recepción remata o 20 de febreiro de 2019.
- 3ª. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:
 - a) Solicitud co compromiso do solicitante de que, en caso de ser seleccionado, estará en condicións laborais e residenciais de cumprir as súas funcións a tempo completo no Museo.
 - b) Curriculum vitae con todos os datos persoais e académicos e todos os méritos que se estime oportuno alegar sempre que estean documentados.
 - c) Proxecto para a dirección do Museo, no que o solicitante expoñerá as súas ideas sobre a propia dirección, as relacións desta co persoal e co Padroado, e o presente e o futuro do Museo. Os solicitantes poderán pedir previamente á secretaria do Consello de Goberno (secretaria@museodopobo.gal) ou á coordinadora dos departamentos (direccion@museodopobo.gal) información sobre o funcionamento e organización do Museo.
- 4ª. Serán méritos preferentes: a experiencia profesional ou investigadora no ámbito da etnografía e da antropoloxía, nomeadamente nas galegas; as colaboracións previas co Museo do Pobo Galego; e a experiencia de xestión en museos ou entidades afíns.
- 5ª. A Comisión de Selección estará presidida polo presidente do Padroado e formada polos membros da Comisión Permanente do Consello de Goberno máis un representante dos socios neste Consello. Se algún solicitante fose parente até terceiro grao dun membro da comisión de Selección, este deberá renunciar e o Presidente procederá a substituílo por un membro do Padroado non incurso neste ou noutro tipo de incompatibilidades.
- 6ª. Pechado o prazo de admisión, a Comisión de Selección comunicará a todos os solicitantes a relación de admitidos e excluídos, indicando neste último caso os motivos da exclusión.
- 7ª. Logo de considerada a documentación das solicitudes admitidas, a Comisión de Selección programará entrevistas presenciais coas candidaturas mellor avaliadas para comentar as cuestións que considere pertinentes sobre o curriculum e o proxecto. A ausencia inxustificada a esa entrevista implicará a renuncia a participar no concurso. Se fose por causa de forza maior, a Comisión de Selección poderá conceder unha segunda cita pero sempre dentro do calendario establecido.
- 8ª. Feitas as entrevistas, a Comisión de Selección elixirá por maioría, a ser posible dentro da primeira quincena de marzo, unha das candidaturas, que propoñerá ao Consello de Goberno mediante escrito acompañado da acta de todo o proceso. Tamén poderá seleccionar unha candidatura suplente, ou varias con orde de prelación, por se fallase a principal polas causas que fosen.
- 9ª. O Consello de Goberno propoñerá a candidatura seleccionada á Asemblea Xeral do Padroado do Museo do Pobo Galego, a ser posible dentro da segunda quincena de marzo de 2019, para a súa aprobación e, se procede, o nomeamento e a contratación do director ou directora do Museo. O resultado final do proceso será publicado na páxina web do Museo.
- 10ª. O contrato será laboral indefinido a tempo completo, cun período de proba de seis meses, durante os cales o Consello de Goberno poderá rescindilo discrecionalmente. O salario será de 30.800 (Trinta mil oitocentos) euros brutos anuais repartidos en catorce pagas. En todo o demais rexerase polo Convenio de Oficinas e Despachos ao que está acollido todo o persoal do Museo. As funcións da dirección serán as que están establecidas nos Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno en vigor.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

ANEXO 2: ESBOZO DE PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS CO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019 DEDICADO A D. ANTONIO FRAGUAS

1. Exposición sobre a vida e obra de D. Antonio Fraguas (MPG). Inauguraríase na primeira quincena de maio de 2019 no MPG. Posible itinerancia posterior a outras cidades. Xa está traballando unha comisión do MPG, formada por Mercedes Rozas, Rosa Méndez, María Xosé Fernández Cerviño e David Conde. Feito o guión básico, está pendente de elixir a empresa encargada do deseño.
2. Pequena exposición en paneis pregables para circular polos centros de ensino (MPG). En función de que se poida aproveitar a que xa se fixo en 2006 ou, no seu defecto, que houbese financiación externa.
3. Vídeo sobre D. Antonio. Posible financiación e coedición coa Consellería de Cultura (Hai proposta de Gonzalo E. Veloso).
4. Simposio(s) sobre Xeografía e Etnografía en homenaxe a A. Fraguas. Posible colaboración co Consello da Cultura Galega, a RAG e a Facultade de Xeografía e Historia. Houbo uns contactos informais entre o presidente do Padroado, o da RAG e a presidenta do CCG cun acordo inicial pero está pendente de concretar o programa.
5. Publicacións
 - . Libro coa obra etnográfica de A. Fraguas sobre Cotobade e comarca. Este era un proxecto da Fundación Fraguas encargado a Xosé Manuel González Reboredo e Clodio González Pérez que estaba xa en marcha antes de que se lle dedicase o Día das Letras Galegas. Conta cunha financiación de 2.000 € da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
 - . Número monográfico dos Cadernos do Centro Ramón Piñeiro en coedición co Museo do Pobo Galego. Responsables: Luis Cochón e Justo Beramendi.
 - . Posible libro de inéditos de Fraguas atopados no seu arquivo.
 - . Nova edición actualizada da U.D. sobre Antonio Fraguas que o DEAC realizou en 2005.
 - . Relanzamento do stock editorial do libro Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999, que o MPG publicou en 2006 co gallo do centenario do seu nacemento.
6. Accións específicas do DEAC sobre A. Fraguas, xa programadas e dirixidas tanto a escolares como a adultos.

ANEXO 3: MEMORIA DE ACTIVIDADES DO MUSEO. MAIO 2018 – ABRIL 2019

1. OBRAS E SERVIZOS

Os principais traballos realizados neste período comprenden:

- Instalación de compactos de almacenaxe de fondos téxtiles no espazo baixo cuberta da coxía norte.
- Renovación dos elementos de madeira das portas e fiestras da planta baixa do claustro.
- Renovación e adaptación de ramplas de mobilidade na planta baixa da coxía norte.
- Limpeza e pintado de vitrinas na Sala do Mar.
- Renovación da pintura na Sala do Campo (non sei se en Oficinos tamén, hai que preguntarlle a Manuel).
- Renovación da sinalética na Sala de Oficinos e reposición de dúas fotografías na Sala do Mar.
- Obras de mellora na accesibilidade e mobilidade do edificio e das salas
- Reparacións na carpintería e mais na pintura de paramentos e expositores.
- Corrección de humidades e pintura de paramentos.

Ademais destes traballos, son competencia do servizo os labores asiduos de mantemento e conservación preventiva das coleccións.

2. COLECCIÓN

Total rexistros: 13.457

Ingresos (maio 2018 –abril 2019): 69

Doazóns: 39

Depósitos: 3

DOAZÓNS

1. Arquivo gráfico:

Fotografía “Traíña” de Tirán ou Moaña. Fotógrafo Manuel Pérez Rúa, doazón M. Xosé Fernández Cerviño Caixa de fotografías persoais de José Manuel Dopazo Entenza (pendentes de estudo e clasificación)

2. Colección fondos:

EVARISTO SÁENZ-CHAS DÍAZ (1 peza). Un suxeitador de labor de gancho dos anos 30.

EDUARDO CASTRO SANTAMARINA (1peza) un machado de bronce (fragmento) recollido en zona de aluvián en Cualedro en 2011.

FAMILIA ESTÉVEZ FERNÁNDEZ (4 pezas) un conxunto de camisón e calzas bordadas co nome da propietaria, un bolso de man dos anos 50 e unha faldriqueira de comuñón.

LIBRARÍA COUCEIRO (1 peza) unha vasilla cerámica atopada na rehabilitación da librería Couceiro da praza de Cervantes de Santiago de Compostela.

A CANALLA (irmáns SOTO GIL) (3 pezas), unha saia de tecido vaqueiro, unha enagua e unha bolsa de tecido de algodón procedente da lencería do Hotel Balneario de Mondariz, pezas realizadas dentro das actividades do 40 Aniversario de MPG.

O MARISQUIÑO (1 peza) unha zoca-patín tamén peza realizada no 40 Aniversario do MPG.

XÁCOME SANTOS GAYOSO (2 pezas), unha xerra do oleiro Antonio Fernández Dopazo de Loñoá e un meleiro de Portomourisco.

PABLO CUTRÍN GARABAL (1 peza) unha alfomada de palillar

XUSTO RODRÍGUEZ RÍO (2 pezas), dúas lámpadas, unha delas a Petromax.

DARÍA VILARIÑO PINTOS (1 peza) un xogo de manicura de baquelita de principios do S. XX.

CONSUELO FERNÁNDEZ-CID FENOLLERA (11 pezas) unha colcha de raso e labor de gancho, parte do enxoval da avoa da doante, tres chaquetas de moda internacional e dúas enaguas de liño de 1889, ca. Dous pares de zapatos femininos dos anos 20 e un bolso de man de similar antigüidade; unha percha metálica e unha “peineta española” dos anos 50.

Mª JOSÉ SIERRA (11 pezas), un tresillo e un aparador de estilo alfonsino, un lavabo co mesado de mármore, unha arca, un espello de bronce rococó, unha xerra e almofía de cerámica *Pickman-Sevilla*, unha máquina de coser *Singer*, a máis de 4 fusos.

BIEITO PÉREZ OUTEIRIÑO (1 peza) unha máscara de peliqueiro de Laza.

TERRY BERKOWITZ e FRANCESC TORRES, doazón da obra “*PARÁBOLA DE LA ABUNDANCIA*”

OBDULIA MATA BONOME: Conxunto de 16 pezas de indumentaria (roupa branca e mantóns)

ADOLFO DE ABEL VILELA: Dous ladrillos bipedais romanos aparecidos na cidade de Lugo ca. 1965 durante unhas obras na rúa Ramón y Cajal

Relación donantes

- Terry BERKOWITZ e Francesc TORRES
- A CANALLA (irmáns SOTO GIL)
- Eduardo CASTRO SANTAMARINA
- Libraría COUCEIRO
- Pablo CUTRÍN GARABAL
- Familia ESTÉVEZ FERNÁNDEZ
- Consuelo FERNÁNDEZ-CID FENOLLERA
- MARISQUIÑO
- Bieito PÉREZ OUTEIRIÑO
- Xusto RODRÍGUEZ RÍO
- Evaristo SÁENZ-CHAS DÍAZ
- Xácome SANTOS GAYOSO
- M^a José SIERRA
- Daría VILARIÑO PINTOS
- Adolfo de ABEL VILELA
- Familia ACUÑA CASTROVIEJO
- Irmás BERMEJO RUBIO
- Familia ESTÉVEZ FERNÁNDEZ
- Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO
- María IGLESIAS MEJUTO
- Obdulia MATA BONOME

PRÉSTAMOS EXPOSICIÓN

Territorios de intimidación. Artistas galegos baixo o franquismo 1940-1975. Auditorio de Galicia.(outubro 2018-febreiro 2019)

Peza: Cadro Familia Mariñeira (Concha Vázquez 1956)

Relinga de Horizontes. Museo do Mar de Galicia. Vigo. (febreiro-maio 2019):

- un odre do viño (R-6111)
- un espadeleiro (R-3285)
- unha camisa de liño (R-5183)

Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia. Museo centro Gaiás, Cidade da Cultura: 18 pezas de olaría e cestería.

OUTROS PRÉSTAMOS

Dous manequíns masculinos para exposición *A Banda Municipal de Santiago. 170 Aniversario.* Consorcio de Santiago.

CONSULTAS PRESENCIAIS/TELEMÁTICAS

Entidades / institucións (14), once referidas ao arquivo gráfico e o tres aos fondos da colección.

Persoais (10), cinco relativas ao arquivo gráfico e cinco aos fondos da colección

INTERVENCIÓNS

Cambio das traseiras dos marcos (12) de madeira de gravados de Camilo Otero, afectados de caruncho.

OUTRAS

Dos de Arte Publishing S.L., realización de fotos dos espazos e salas do museos, para unha guía de turismo.

Engaiolarte editorial, realización de fotos das salas para ilustrar libro de cocíña.

Fundación Luís Monteagudo García, realización de fotografías das aras e estelas romanas, para actualización do seu catálogo.

Convenio co CGAI, para custodiar o copión do "O Carro e o Home".

En colaboración co servizo de Exposicións, asesoramento a José Sandoval da Universidade de Tucumán, sobre aspectos de iluminación e condicións de exhibición das coleccións.

3. BIBLIOTECA

No capítulo de novas incorporacións tanto documentais como bibliográficas, segue a ser a doazón a principal fonte de ingreso. Pequenas achegas ou importantes coleccións van aumentando os nosos fondos. Os intercambios institucionais son cada vez máis escasos, e as adquisicións están condicionadas a unha petición ou solicitude dos distintos departamentos do Museo.

MONOGRAFÍAS:

Total títulos/rexistros -----64.044 títulos

Total volumes -----74. 899 volumes

PUBLICACIÓN PERIÓDICAS:

Revistas en curso-----110

Total títulos de revistas (inclúe prensa) -----2.552 títulos

Destacamos aquí as achegas máis importantes que durante este período recibimos:

- Os herdeiros de **José Costa Alonso**, entregan diverso material relacionado coa actividade pesqueira en Moaña e Galicia.
- De mans de **Xaime Félix López Arias**, do Instituto de Estudios Sarriaos, vimos de recibir un lote de libros e revistas referentes a Sarria, algúns deles da súa autoría.
- Un ficheiro con refráns e referencias bibliográficas de **Álvaro de Las Casas**, entregado polo patrón Clodio González Pérez.
- Rosina e Margarita Acuña Castroviejo**, doaron documentación e libros do século XIX. (Foron recollidos na súa casa de Paizás o 18 de febreiro). Pendente a clasificación e catalogación
- A familia **Iglesias Cabaneiro**, achegaron para a súa valoración e posterior doazón, unha carpeta de documentos procedente da casa da familiar sita no lugar da Rigueira, concello da Pastoriza (Terra Chá). Pendente limpeza, clasificación e catalogación
- Carlos Valle** doou un lote libros da súa autoría para completar así a súa obra na Biblioteca (xaneiro). Pendente de selección e catalogación
- Os herdeiros de **José Costa Alonso**, entregan diverso material relacionado coa actividade pesqueira en Moaña e Galicia.
- De mans de **Xaime Félix López Arias**, investigador do Instituto de Estudios Sarriaos vimos de recibir un lote de libros e revistas referentes a Sarria, algúns deles da súa autoría
- Ficheiro con refráns e referencias bibliográficas de **Álvaro de Las Casas**, entregado por Cándido Vázquez.

REMODELACIÓN DO DEPÓSITO DE LIBROS

A remodelación do depósito e a incorporación de estantes permitiu baleirar o despacho de dirección (1º qincena de xaneiro) e ampliar o espazo para novos fondos.

XESTION BIBLIOTECARIA:

Entre os traballos técnicos que se realizaron e seguen a realizar temos:

- Biblioteca Fernando Acuña Castroviejo, selección e clasificación do material bibliográfico.
- Biblioteca Baltar: continúan os traballos de catalogación das monografías, que alcanzan, no momento da redacción desta Memoria, os 10.600 rexistro. Ao rematar coas monografías proseguirase coa catalogación das publicacións periódicas do fondo.
- Rematouse xa coa prensa histórica (1811-1950) continúase con xornais locais, políticos e culturais.
- Estase a traballar na estrutura do acceso "on line" ao arquivo, facendo probas e preparando os contidos. Contamos con que se poida acceder á base de datos nun breve período de tempo.
- Dentro do programa de dixitalización do patrimonio cultural galego da Xunta de Galicia, solicitouse unha axuda para a dixitalización do fondo Blanco-Cicerón, esta foi concedida en xaneiro deste ano. Para realizar esta tarefa contratouse á empresa que xa leva o programa de biblioteca e arquivo. O proxecto consiste na catalogación e dixitalización de 9000 imaxes cos seus metadatos.
- Preparación de material e documentación para a Subvención para a dixitalización do Patrimonio Cultural galego e a súa preservación e difusión no recolector de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia. Pendente de resolución.

PRÉSTAMO DE FONDOS:

- Fundación Cidade da Cultura, exposición **Castelao maxistral**, durante os meses de outubro a marzo de 2019, diverso material, libros, revistas, con debuxos da autoría de Castelao.
- Universidade de Santiago, exposición **Con Galiza sempre no horizonte: Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo**, material da editorial Nos, carteis do Estatuto, etc.
- No Auditorio de Galicia, durante os meses de abril ao outubro, presentouse a exposición: *Turismo e fotografía en Santiago: Catalá-Roca en Galicia (1956-1976)*, comisariada por Anxo Rabuñal, esta exposición continuouse na Coruña, no Quiosco Alfonso da Coruña baixo o título *Turismo e fotografía: Catalá-Roca en Galicia (1956-1976)* e estará ata o mes de xaneiro de 2020.
- Como en ocasións anteriores colaboramos cos "XIX Encontros de música tradicional" organizados pola Asociación Cultural Ferreña, que se celebraron no Mosteiro de Carboeiro no mes de xuño.

- Así mesmo desde o concello de Zas solicitaron a nosa colaboración para a exposición **Seoane o naturalista das Torres do Allo**, feita en homenaxe a Víctor López Seoane no mes de outubro

CONSULTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS:

As consultas en sala moveron máis de 8.000 (libros, revistas e documentos). As consultas en rede acadaron ós 18.885 rexistros.

Amais das consultas referentes ao Ano Fraguas (en relación aparte) consultaron os nosos fondos, estudantes e investigadores procedentes das seguintes institucións:

- Biblioteca de Galicia
- Centro Ramón Piñeiro
- Consorcio de Santiago: Busca, selec. e preparación de programas de festa
- Editorial Alvarellos
- Escola Superior Gallaecia (V.N. da Cerveira-Portugal).
- Fundación Carlos Casares
- Fundación Castelao
- Instituto de Estudos Galego Padre Sarmiento
- Instituto Ramón Piñeiro
- Instituto Rosalía de Castro
- Museo de Pontevedra
- Museo Torres do Allo
- Universidade Complutense de Madrid
- Universidade da Coruña
- Universidade de Oxford
- Universidade de Santiago
- Universidade do Porto
- Universidade Federal de Campina Grande (Brasil)
- Universidade Politécnica de Bari (Italia)

RECURSOS HUMANOS

Voluntariado: Mariví Pardo Gómez e desde marzo: Encarna Otero Cepeda e María Tilve.

Titorías de alumnos en prácticas da USC :

- Mateo Buján Varela-80 horas
- Mikel Iribar López- 80 horas
- Sara Breijo Casal- 120 horas
- Ana Rodríguez Rodríguez (200 horas)

Dentro da política de intercambio/doazón de duplicados e descatalogados, cedéronse libros a:

- Asociación Cultural AFIGA un lote de libros para os talleres da Feira Argalicia celebrada en Cangas.
- Asociación "O Chedeiro" de Cerponzóns (Pontevedra)

ACTIVIDADES EXTERNAS:

Dentro do capítulo de formación, persoal da Biblioteca asistiu ás xornadas técnicas: *Prensa Histórica e xeración de coñecemento: do papel ao dixital*, que se celebraron no Gaiás, organizadas pola Biblioteca de Galicia. (20 de xullo).

Convocada a dotación dunha praza para a Biblioteca Municipal de Arzúa, solicitouse a nosa colaboración para formar parte do tribunal (6 e 13 de setembro)

Asistencia á xuntanza do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (xuño)

OUTRAS ACTIVIDADES:

Desde a biblioteca leváronse a cabo ademais as seguintes iniciativas:

- O 5 de xullo inaugurouse a exposición bibliográfica **Bibliotequeros: o erotismo nas bibliotecas do MPG** que permaneceu aberta ata o 14 de outubro.

Dentro das actividades da exposición resaltar a mesa redonda celebrada o día 4 de outubro, presentada por Santiago Díaz Lage, comisario da mostra, coa participación de Fátima Braña, antropóloga e patroa, Francisco Macías, editor e as poetas Lucía Aldao e María Lado.

- Como aspectos positivos resaltaremos:

Amais de poder mostrar e polo tanto divulgar o noso rico e variado fondo bibliográfico, a boa acollida que tivo entre o público desde o propio día da inauguración con máis de cen persoas contabilizadas e facendo un cálculo aproximado superamos as 10.000 visitas.

Destacar aquí algúns dos comentarios do libro de visita: *...entretida e ben montada... Orixinal, boa selección e moi boa posta en escea...Unha marabilla de exposición, sensibilidade, documentación e talento...*Estas opinións positivas foron referendadas logo no animado coloquio que seguiu ás intervencións dos poñentes na mesa redonda.

A Exposición serviu tamén para incrementar o fondo con novas aportacións da familia Baltar, Manuel Vilar, Paco Macías, Anxo Rabuñal e J.J. Labrador Herraiz.

- Como aspectos negativos:

Non ter feito un catálogo para a venda/distribución/descarga durante a exposición pois foi altamente solicitado, polo que decidimos elaborar unha pequena publicación no que se recollerá á obra exposta.

Tamaño demasiado pequeno dos textos

Entrada á exposición escasamente sinalizada, compartiamos espazo con outra exposición e o posto de vixilancia está tan preto da entrada que en certa medida inhibe ao visitante.

- A coordinación da **Revista ADRA** lévase, xunto a Manuel Vilar, desde a Biblioteca. Coa celebración do 40 aniversario quedamos un pouco rezagados polo que este ano tivemos que traballar dobre, así no mes de outubro saíu o nº 12, xa distribuído e colgado na rede e agora neste Padroado presentamos o nº 13 en homenaxe a Carlos García Martínez, nel participan: Justo Beramendi, María Xosé Fernández, Felipe Arias, Francisco Calo, Francisco Fariña, González Reboredo, Xosé R. Fandiño, Xosé Manuel Beiras, Encarna Otero e Lema Bendaña.

- Tráballose tamén na habilitación do despacho de Dirección, quedan pendentes o traslado dalgúns libros e obxectos persoais, pero antes é necesario **reacondicionar o depósito** para poder organizar en forma o material.

Dentro da política de intercambio/doazón de duplicados e descatalogados, cedéronse libros a:

- Asociación Cultural **AFIGA** un lote de libros para os talleres da Feira Argalicia celebrada en Cangas.
- Asociación "O Chedeiro" de Cerponzóns (Pontevedra)

RECURSOS HUMANOS:

Seguindo moi por debaixo dos servizos mínimos cos que deba contar unha biblioteca destas características, este ano foi un pouco mellor no que a contratación de persoal se refire pois contamos con contratos a media xornada para Ana Mateos Vara, do 4 de abril a 30 de novembro. Para Sonia Arrojo Vázquez, trala súa colaboración na exposición BibliotequEros (maio-xuño) un contrato a media xornada nos meses de outubro a novembro para o Ano Fraguas.

Unha vez máis agradecer a colaboración totalmente desinteresada das voluntarias, socias e patroas do Museo: as irmáns Margarita e Rosina Acuña Castroviejo, Encarna Otero Cepeda, Mariví Pardo Gómez e María Tilve.

Doazóns e intercambios institucionais

AC Morreu o Demo
AC Obradoiro da Historia
AC Piñeiróns
AC Ranceiras
Arq. Histórico Prov. de Ourense
Artziniega Museoa
Asoc. Galega de Artesáns
Biblioteca de Galicia
Biblioteca de Verín
Biblioteca José Pérez Vidal
Casa das Artes (Vigo)
Centro de Estudos Extremeños
Centro Italiano di Studi Compostellani
Centro Ramón Piñeiro
Colexio Peleteiro
Concellos de: Betanzos, Cotobade, Verín, Vigo e Vilagarcía de Arousa, Pontedume
Consello da Cultura Galega
Consortio da Cidade de Santiago
Deputacións Provinciais da A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
DGOA e Innovación Educativa do Principado de Asturias
Editoriais: Positivas; Toxosoutos
Grupo Marcelo Macías
Instituto de Estudios Asturianos
Museo Arq. de Alicante

Museo Arq. de Ourense
Museo das Peregrinacións
Museo de Viladonga
Museo de Zaragoza
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museu da Póvoa de Varzim
Museu Valenciá d'Etnologia
Real Academia BBAA N^ªS^ª Rosario
Real Academia Galega
Seminario Diocesano de Lugo
Universidades de A Coruña, Santiago, Autónoma de Madrid
Xunta de Galicia

Doazóns de particulares

Beiras García-Martí, E.*
Beramendi, J.*
Díaz Lage, Santiago*
Familia Baltar
Familia Estevez Fernández
Familia González del Blanco
Gallego Rei, Mario*
González Pérez, C.*
González Reboredo, X. M.*
Labrador Herráiz, J. J.
Leiro, Adela*
López Arias, X. F.
López Silva, X. A.
Macías, Paco

Mariño Ferro, X. R.*
Martul Tobío, L.
Mosconi, M. *
Otero Cepeda, E.

Rabuñal, Anxo
Rozados, Miguel
Soutelo Vázquez, R.*
Vilar Álvarez, M.

ANO ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A contratación de Sonia Arrojo Vázquez a media xornada durante os meses de outubro e novembro significou unha grande axuda para levar a cabo tanto o fácil acceso ao arquivo documental, fotográfico e bibliográfico (dixitalización de documentos, picado de textos, descrições, etc.) como o control das consultas e solicitudes que co galo do Ano Fraguas estanse a realizar.

Van aquí algunhas da máis temperás e tamén das máis importantes, algunhas xa rematadas e outras en curso.

- Entidade: **FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO**. Afonso Monxardín
- Material solicitado: dixitalización correspondencia de Otero Pedrayo (106 cartas)

- Entidade: **ASOCIACIÓN CULTURAL MORREU O DEMO**. Anxo García
- Material solicitado: selección documentos varios

- Entidade: **GRUPO DE MÚSICA ORADALADOU**. Sonsoles Penadique e Carlos Quintá
- Material solicitado: consulta fondos sobre Cotobade
-
- Entidade: **CONSORCIO DA CIDADE**. Juan Conde Roa
- Material solicitado: consulta de artigos de prensa de Antonio Fraguas

- Entidade: **EDICIÓNS XERÁIS**. Anair Rodríguez Rodríguez
- Material solicitado: selección e reprodución imaxes do arquivo dixital de/sobre Antonio Fraguas

- Entidade: **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**. Marcelino Fernández
- Material solicitado: dixitalización de varias obras literarias

- Entidade: **RAMÓN PIÑEIRO**. Luis Cochón
- Material solicitado: selección e dixitalización da correspondencia con Filgueira Valverde, González García-Paz e Sánchez Cantón

- Entidade: **SEMINARIO GALÁN**. Armando Xosé Herrero Mayor
- Material solicitado: selección e reprodución imaxes do arquivo dixital

- Entidade: **BIBLIOTECA CONCELLO DE VERÍN**. Aurora Prieto e Vicente R. Justo
- Material solicitado: Identificación de personaxes nunhas fotografías con Taboada

- Entidade: **ECOMUSEO PAZO DE ARXERIZ**. Sonia Faria
- Material solicitado: dixitalización artigo "Mámoas do Saviñao: A anta de Abuime e a necrópole da Morá" de F. López Cuevillas, A Fraguas e M^a P. Lorenzana

- Entidade: **IES EDUARDO PONDAL (Ponteceso)**. Juan Félix Neira
- Material solicitado: reprodución material gráfico sobre Antonio Fraguas (didáctico)

- Entidade: **IES MIRAFLORES**. Graciela Grande Veloso
- Material solicitado: Textos dixitalizados de Fraguas sobre lendas ou santuarios

- Entidade: **Carlos Ramos Aguirre** (para a revista Encrucillada)
- Material relacionado co papel de Fraguas no SEG: cadernos de campo, debuxos, correspondencia con outros membros do SEG, manuscritos, fotografías, etc.

Habería que incrementar aínda os traballos preparatorios das actividades programadas para o próximo ano. Con este obxecto, ademais de explorar os fondos propios, estase a recompilar material que se atopa noutras institucións:

- Entidade: **DEPUTACIÓN DE OURENSE**
- Material solicitado: correspondencia emitida de Fraguas a Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón e Fernández Oxea)

- Entidade: **FUNDACIÓN PENZOL**
- Material solicitado: correspondencia emitida de Fraguas a Constantino García, Florentino López Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo.

Desde a Fundación Otero Pedrayo solicitaron un convenio de colaboración para dixitalizar a correspondencia cruzada entre Antonio Fraguas Fraguas e Ramón Otero Pedrayo, cara unha posible publicación.

4. EXPOSICIÓNS

Nestes sete meses celebráronse nas nosas salas catro exposicións temporais. Non é que a demanda ou a produción se reduciran verbo de anos anteriores, senón que criterio actual é prolongar un pouco a duración de cada exposición, reducindo proporcionalmente a rotación.

TECEDORAS DO CAMBIO (29-05 a 22-07)

Exposición fotográfica promovida pola Concellería de Políticas Sociais e Diversidade do Concello de Santiago e a Coordinadora Galega de ONGD. Está composta por 23 imaxes de mulleres de 14 países, lideresas comunitarias que están a traballar man a man con ONGD galegas na loita por unha vida digna en América Latina, África e Asia.

BibliotequEROS. O erotismo nas bibliotecas do Museo do Pobo Galego

(05-07 a 14-10)

A Biblioteca do Museo do Pobo Galego garda un interesante e multidisciplinar fondo bibliográfico e documental que, como en ocasións anteriores, queremos dar a coñecer a través de exposicións. Para esta edición decidimos ir a procura de Eros nas diferentes bibliotecas que conforman o noso fondo librario.

A exposición está concibida en dúas seccións, a primeira, unha breve introdución lúdica onde poderemos ollar por un burato, xogar con imaxes animadas ou facer un percorrido pola nosa cultura popular. Na segunda parte, a exposición bibliográfica propiamente dita. Da man de autores como Safo, Bocaccio, Sade, Méndez Ferrín, Miller, e en fin unha numerosa representación deles, podemos apreciar a súa produción literaria en relación ao erotismo. Amais dos propios textos literarios, interesa destacar a coidada edición de moitas destas obras, algunhas delas ricamente ilustradas por Becat, Moré, Serafín ou Leiro. Están presentes editores como Kieffer ou Barbadillo, entre outros. Complementando aos libros de ficción mostráronse tamén unha serie de obras que desde a historia, a antropoloxía, a socioloxía ou a arte nos amplían a visión sobre o tema.

MONCHO VALCARCE. Unha vida de compromiso por Galicia. (31-07 a 16-08)

Exposición producida pola Irmandade Moncho Valcarce, asociación impulsada polos amigos/os e compañeiros/os de Ramón Valcarce Vega, o Cura das Encrobas (1935-1993), para perpetuar a memoria deste crego, como exemplo de dignidade, entrega e compromiso co pobo galego.

Moncho Valcarce foi crego de Sésamo-Sueiro, parroquias rurais que marcaron o seu compromiso cos labregos poñéndose ao seu carón contra as inxustizas que soportaron, sobre todo na época da transición. Son exemplo diso as loitas das Encrobas, Baldaio, Xove, As Enchousas, Larín, Cota empresarial, etc.

GALICIA-BAVIERA (26-10-2018 A 20-01-2019)

Froito dun convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo e o Museo do Pobo Galego, baixo o comisariado dos pintores Antón Sobral e Hubert Huber, reúnese nas salas temporais do Museo a obra de 28 artistas destas dúas procedencias que levan anos compartindo experiencias. As propostas incluídas van dende a pintura á escultura, pasando pola fotografía ou as instalacións, todas a cargo de creadores e creadoras actuais que, a pesar de traballar en lugares afastados con historias, relatos e problemáticas distintas, acaban por articular unha estrutura e unha linguaxe común.

O ECO DAS AMAZONAS (31-01-2019 A 12-05-2019)

Acollemos, mostra de pintura de Baldomero Moreiras, comisariada pola patroa Mercedes Rozas. É un gran retablo de mulleres, que ao longo da Historia deixaron a súa pegada en campos tan diversos como a música, a arte, a ciencia, a literatura ou a política. O autor vai mostrando a súa admiración polo labor, moitas veces silenciado, de mulleres ás que se rende homenaxe, sacándoas do esquecemento.

No marco da exposición Xosé Carlos Sierra, antropólogo e patrón do Museo, ponunciou a conferencia "Si non è vero è ben trovato: As amazonas de Baldomero Moreiras".

BibliotequEROS. O erotismo nas bibliotecas do Museo do Pobo Galego.

No mes de maio unha selección desta mostra exhibese na sala do Servizo de Patrimonio da Deputación de Pontevedra.

Antonio Fraguas Fraguas, Letras Galegas 2019 (14-05-2019 A 28-12-2019)

Nesta exposición participou todo o equipo técnico do Museo, e consta de dous espazos diferenciados: unha

parte biográfica e outra na que se reúne o máis significativo da obra de don Antonio.


5. EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

En 2018, contabilizáronse 16.088 persoas organizadas en grupos, que visitaron o Museo a través do servizo educativo do DEAC do Museo do Pobo Galego. Este servizo atende colectivos con características diversas, aínda que a maioría proveñen da educación formal. Este total distribuíuse da seguinte maneira:

- INFANTIL: 855
- PRIMARIA: 2816
- ESO: 4174
- OUTROS (Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade): 3080

O resto, un total de 5.63 persoas formaban parte de grupos de

TERCEIRA IDADE: 4243
ASOCIACIÓNS: 51
INTEGRACIÓN SOCIAL: 96
AXENCIAS TURÍSTICAS: 428
VARIOS: 345




Todos os grupos atendidos polo DEAC reciben información vía correo electrónico e teléfono, xestionan a reserva co servizo e reciben asesoramento e documentación para realizar a súa visita. Esta pode ser unha visita libre; pode ser a que denominamos autónoma, cunha actividade deseñada polo DEAC con materiais facilitados tamén polo Departamento pero dirixida polo persoal docente ou responsable do grupo; e a terceira opción que son as actividades deseñadas e dirixidas polo persoal do DEAC. A maioría dos grupos solicita esta última opción pero co persoal dispoñible só se pode atender en salas de martes a venres de 11h a 14h, e un máximo de 60 persoas cada xornada. Aínda así, o número de escolares atendido en salas directamente polo DEAC, incrementouse con respecto ao ano anterior. Isto debeuse fundamentalmente a posta en funcionamento dos obradoiros *Raposadas* e *Regueifa para a igualdade*, actividades encargadas polo DEAC a persoal externo que as executou e polo tanto permitiron atender a máis grupos.

A maior parte dos grupos atendidos directamente polo persoal do Museo, son de infantil e primaria. Cremos que se debe a que para este tramo de idade págalles a pena adaptar a data ou as condicións nas que tiñan previsto realizar a visita para facela con actividades baixo a dirección as educadoras e educadores do DEAC. O certo é que nos últimos anos, os centros de infantil e primaria reservan con moita máis antelación, precisamente para optar a esta modalidade de aproveitamento didáctico da colección permanente. Estas actividades están adaptadas aos diferentes grupos e ao seu contexto, cunha metodoloxía activa, diversa e interdisciplinar. As propostas traban os contidos cos esquemas de coñecemento previo a través de actividades de descubrimento e estratexias lúdicas para que nunha situación educativa informal como a do Museo, se produzan aprendizaxes significativas con experiencias amenas, divertidas.

Algúns destes obradoiros deseñados e executados directamente polo persoal do DEAC son *Xogos Bailados*; *Da vara ao Carabelo*; *Tramando fíos* ou *Ferramentas en mimo!*. Ademais, para os grupos escolares do segundo ciclo de secundaria e bacharelato hai visitas comentadas temáticas polos itinerarios de *Oficios*; *Mar e Campo*; *O Monte*; *Espazo Construído*; *Música e Baile*, e un exclusivo para visibilizar as mulleres nas salas do Museo que chamamos, *Oleiras e Tecelás*.

Por provincias, a procedencia dos grupos é principalmente da Coruña e de Pontevedra,. Entre as dúas suman 180 grupos fronte a Ourense e Lugo, que suman só 21. Compostela e a súa area metropolitana chega 59 grupos, o que é case un 30% do total.



Grupos segundo idade e tipo de visita ano 2018.

En 2018 apreciamos un lixeiro aumento das visitas de grupos universitarios e de centros de ensino de fóra do estado, sobre todo desde Francia e de Portugal, país este do que imos recuperando a presenza que se perdera nos anos máis duros da crise.

Dos 5.163 visitantes que non veñen da educación formal, 4.243 son dos grupos de maiores procedentes de fóra de Galicia. A maioría veñen a través dos programas específicos e xestionados pola axencia galega Interrías que veu a compensar o cese da actividade de Mundo Sénior no Museo acontecido en marzo deste ano pola súa preferencia polo Museo das Peregrinacións, fundamentalmente pola proximidade á Catedral, pero tamén pola disposición de guías propias e dun horario continuado.

ACCIÓN CULTURAL

a) Didáctica

Programa Escolar

En setembro de 2018 púxose en marcha a programación escolar para o novo curso con propostas como Da vara ao Carabelo; Xogos Bailados; Tramando fíos ou Ferramentas en mimo! ao redor da colección. Son actividades que tratan os contidos cos esquemas de coñecemento previo do alumnado a través de actividades de descubrimento e estratexias lúdicas que procuran aprendizaxes significativas e experiencias amenas no Museo.

Na mesma liña metodolóxica deseñouse un programa especial ao redor de Antonio Fraguas, homenaxeado no Día das Letras, que deu comezo no mes de outubro de 2018 e estendeuse ate este mesmo maio. Para infantil e primaria desenvóléronse as visitas dinamizadas Raposadas co neno Antonio, co conto e a narración oral como base, Fraguando datos sobre D. Antonio, unha actividade de descubrimento dirixida desde o departamento coa colaboración da socia Margarita Alborés, e as actividades autónomas (dirixida polos e polas propias docentes con materiais deseñados no DEAC) Os tesouros de D. Antonio para Primaria e Coñecendo a Fraguas para secundaria, ambas baséanse nun xogo con pistas centrado na figura do primeiro directo deste Museo.

Entre novembro e febreiro, ofrecemos actividades específicas para este período no que a afluencia de grupos escolares é algo menor. Seguindo as liñas do Proxecto Educativo do Museo, para estas propostas contouse con persoal externo: Sara Marchena e Alba Rodríguez con Regueifa pola Igualdade para Educación Secundaria; e Saber o mar, un obradoiro para persoas con diversidade funcional en colaboración coas asociacións ASPANAES e Sarela.

Obradoiros para familias

Polo Día Internacional da Danza, o pasado 27 de abril, celebrouse Petís a Voltas, nesta ocasión dirixido pola bailarina, profesora de danza e coreógrafa portuguesa Marta Coutinho. A sesión centrouse na improvisación da danza a partir dun percorrido por distintos bailes tradicionais da lusofonía.

Co gallo da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico, a asociación Espacio Rojo, desenvolveu os talleres “A miña primeira película” e “Facer cinema sen cámara”.

b) Accións culturais dirixidas a público xeral:

A 13ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego celebrouse do 3 ao 10 de xuño. O auditorio do Museo, xunto co Teatro Principal, Salón Teatro e Numax, foron os escenarios para mostrar o mellor cine etnográfico feito en e fóra de Galicia. Sección oficial competitiva, tres seccións paralelas e actividades como obradoiros e mesas de debate tiveron representación internacional de cineastas e de

profesionais da antropoloxía. Consolidáronse as liñas que caracterizan ao festival e incrementouse significativamente o número de espectadores.

Os filmes galegos, tanto os de concurso como os proxectados nas seccións paralelas, foron os que mellores cifras obtiveron, destacando cun case cheo da sala *Trinta lumes* de Diana Toucedo e con moita asistencia a gañadora a Mellor película Galega, *Os fillos da Vide* de Ana Domínguez e *Nocturno: fantasmas de mar en porto* de Álvaro F. Pulpeiro. A proxección da portuguesa *Tras-os Montes* de Cordeiro e Reis, na súa versión restaurada, creou unha gran expectación e obtivo un “sold out” en poucas horas.

Nesta edición tamén trouxemos ao Museo a exposición *Camións da Imaxe*, sobre o cineasta e fotógrafo de A Guarda Joaquín García Portela “Costiña” nunha colaboración co Proxecto Socheo para o Patrimonio Audiovisual do Baixo Miño. As películas do Costiña, filmadas na década de 1920 e recuperadas polo Proxecto Socheo de patrimonio audiovisual de A Guarda e Baixo Miño, son as máis antigas realizadas na Guarda ou por un guardés das que se teñen constancia.

A MICE non descoidou ao público infantil para o que celebrou o taller *A miña primeira película*. En total, máis dun milleiro de persoas participaron da 14ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico.

Nos meses de xullo, agosto e setembro, organizáronse algunhas actividades escénicas de tipo familiar cos narradores Celso Fernández Sanmartín e Raquel García que tiveron moito público; e unha visita teatralizada para persoas adultas con Voltaedalle Teatro, unha proposta ao redor do oficio do afiador, que organizamos como unha visita ao Museo de carácter especial, fóra de horario de apertura e coa inclusión dun viño no claustro. Esgotáronse as prazas en pouco tempo.

En novembro celebrouse un novo *Café da Memoria*, proxecto que fixo dez anos neste 2108. Comezou en 2008 como parte das propostas do DEAC (Departamento de Educación e Acción Cultural) do Museo do Pobo Galego para tratar de achegase á historia recente de Galicia. A proposta baséase nas historias de vida, na reconstrución das experiencias persoais sobre as que se traballa e cuxo resultado móstrase nun evento divulgativo que serve tamén para visibilizar as e os informantes.

Este traballo tentou, dalgunha maneira, compensar o discurso androcéntrico da etnografía clásica que é o que serviu de base as salas do Museo do Pobo Galego. Aínda que non constitúe unha categoría pechada, a perspectiva de xénero favorece o exercicio dunha lectura crítica e cuestionadora da realidade que o museo quere representar, así que consideramos que pode coadxuvar a analizar e transformar ese discurso e, polo tanto, a sociedade na que nos inserimos e que nos sustenta.

O cambio de datas do festival, que se trasladou para marzo, fai que nesta memoria apareza tamén a 14ª MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego. Do 25 ao 31 de marzo, coas seccións Concurso, Trazas e Impropias, dúas mesas de debate e actividades formativas para adultos e tamén para familias, cunha programación que tivo na música o seu eixo principal. As películas premiadas foron *Nimble Fingers* de Parsifal Reparato como mellor filme; o mellor filme galego foi *Hora Silenciosa* de Noelia Muiño; o Premio do Público foi para *Mot de passe: Fajara*, de Patricia Sánchez Mora e Séverine Sajous. Entre lobos, de Adrien Camus levou un novo galardón inaugurado nesta edición, en colaboración coa Asociación Galega de Antropoloxía AGANTRO.

Café da Memoria. Este programa que deu inicio en 2008 céntrase actualmente na reconstrución dos procesos socio-históricos recentes que afectan ás mulleres en Galicia a partir das súas historias de vida. No décimo aniversario, o *Café da Memoria* dedicouse ás Traballadoras da conserva. Ademais do proceso de documentación e as entrevistas en distintos puntos de Galicia a operarias das fábricas, a mesa coa que adoitamos pechar o ciclo de cada *Café da Memoria* con algunhas das mulleres entrevistadas no proceso, celebrouse xa entrado o 2019, concretamente o 24 de xaneiro.

O Entroido celebrouse no Museo, o 28 de febreiro, xoves de comadres. Fixémolo coa colaboración da antropóloga Paula Godinho e o etnógrafo Xosé Manuel González Reboredo. Falouse dos traballos de Antonio Fraguas sobre esta festa en Cotobade, e da gastronomía nesta celebración, significado e cambios que se produciron sobre a mesma nos últimos anos.

En abril, co gallo do Día Internacional da Danza, celebramos a oitava edición de *A voltas co Baile*, unha xornada de reflexión ao redor do baile tradicional e que este ano dedicouse á patrimonialización deste elemento e a súa declaración como Ben de Interese Cultural. Participaron Rebeca Ces (especializada nos campos comunicación e do patrimonio cultural), Xulia Feixoo (etnomusicóloga), Belén Sáenz-Chas (Museo do Pobo Galego e experta en indumentaria) e Guadalupe Jiménez (antropóloga e profesora axudante doutora na Universidade de Santiago de Compostela). A mesa foi moderada pola xornalista e especialista en baile tradicional, Olaia Tubío.

6. PUBLICACIÓNS

Editáronse as guías do visitante actualizadas en inglés, francés, alemán, catalán e éuscaro, e un novo título da serie *Manuais: A cantería tradicional en Galicia*, de José Cernadas Sande. Este libro, patrocinado pola Deputación da Coruña, foi remitido a semana pasada a socias e socios por correo ordinario.

Atendendo a invitación do Concello, o Museo volveu estar presente coas súas publicacións na SELIC, Semana do Libro de Compostela.

Tamén se publicou unha reimpresión do catálogo da exposición de Baldomero Moreiras, para a súa exhibición no Museo.

7. OUTRAS ACTIVIDADES

Congreso La Nación omnipresente: Nuevos enfoques sobre los procesos de nacionalización en la España contemporánea. Organizado polo grupo Histagra da USC e o Museo, coa colaboración de Hispona e das universidades do País Vasco, Salamanca e Santiago. Celebrouse os días 6 e 7 de setembro, a primeira xornada na Facultade de Xeografía e Historia e a segunda no Museo. O Comité organizador estivo formado polos profesores Justo Beramendi, Miguel Cabo, Lourenzo Fernández Prieto e Alfonso Iglesias Amorín.

O 16 de novembro celebrouse o **Día do Patrimonio Mundial** cunha presentación sobre o proceso de restauración do Pantocrátor románico de Santa Baia de Camba (procedente de Rodeiro, Pontevedra). No acto, que contou coa colaboración da Oficina de Socios, participaron Luis Martul Tobío, membro da familia doador do Pantocrátor de Santa Baia, que explicou como ingresou esta peza no Museo; David Conde Lourido, responsable de exposicións, que comentou o contexto artístico da peza e o seu significado iconográfico; e Alexa García Pose, responsable da colección, que explicou o proceso de recuperación e saneamento da peza.

Celebración do **Día da Muller** o 9 de marzo, cun recital a cargo da poeta Chus Pato, membro da Real Academia Galega, que leu poemas dun libro aínda inédito, UN LIBRE FAVOR. Estivo acompañada polo músico Juan Manuel Vázquez, que interpretou pezas da lírica medieval galaico-portuguesa.

Xornada internacional “Usos do pasado: memoria, patrimonio, museoloxía e construción da democracia”, 7 de maio. Esta actividade, co-organizada entre o Museo do Pobo, a Universidade Nova de Lisboa, a Universidade de Santiago de Compostela e o INCIPIT-CSIC, reuniu numerosos representantes da Museoloxía Social de Portugal e Galicia para falar sobre os **usos da memoria nos museo á hora de construír sociedades democráticas, na práctica dunha museoloxía para a comunidade e con perspectiva de xénero.**

8. O MUSEO ACOLLE

Como é habitual, foron moitas as entidades que solicitaron as dependencias do Museo para celebraren presentacións de libros e actividades diversas. Entre elas podemos mencionar a xa tradicional sesión de relatos en lingua de signos, dentro do programa de Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, en marzo; ou un seminario do XIV Congreso Internacional SIEF de Antropoloxía, organizado polo INCIPIT-CSIC, en abril.

Tamén celebraron xuntanzas e asembleas as asociacións amigas, Asociación Galega de Antropoloxía, Asociación de Gaiteros Galegos, Sociedade Galega de Historia Natural, Fundación do Pedrón de Ouro, Associação Galega da Língua, ou a Fundación Galiza Sempre. Tamén o Concello de Santiago, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o INCIPIT-CSIC.

Dentro do festival Escenas do Cambio 2019, organizado pola Cidade da Cultura, Isidoro Valcárcel, todo un referente da arte da vangarda, Premio Nacional e Premio Velázquez de Artes Plásticas ofreceu unha performance creada 'ex profeso' para a tripla escaleira de Domingos de Andrade. Posteriormente celebrouse un encontro co artista, que dialogou co crítico Juan de Nieves.

En canto aos medios audiovisuais, a TVG e diversas produtoras seguen escollendo os espazos do Museo para as súas gravacións, de forma especialmente asidua a partir de comezos de ano cando empezaron a producir programas e documentais en torno á figura de don Antonio Fraguas e as Letras Galegas. Celebraron xuntanzas nas dependencias do Museo a Associação Galega da Língua, o Concello de Santiago e mais o Consorcio, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a Fundación Pedrón de Ouro, a Fundación Galiza Sempre e o INCIPIT_CSIC.

Entre diversas gravacións efectuadas por medios audiovisuais, a TVG gravou unha entrevista no claustro, diante das dúas esculturas castrexas aí expostas, con Carlos Búa, profesor de Linguas Prerromanas da Universidade de Leipzig, para unha serie documental sobre a cultura castrexa.

Tamén o alumnado de ESO do IES de Rois acudiu ao Museo para recoller en vídeo tres entrevistas para un telexornal sobre don Antonio Fraguas que van emitir co gallo das Letras Galegas.

9. ANO FRAGUAS

Ademais das actividades xa referidas, desde que a Real Academia Galega deu a coñecer a dedicación do Día das Letras Galegas a don Antonio Fraguas, o Museo empezou a recibir unha constante avalancha de demandas de información para actividades de divulgación e de intervencións en diversos foros. Os encargados de atendelas foron, fundamentalmente, a Biblioteca e Arquivo e mais o servizo de Exposicións.

CONSULTAS INDIVIDUAIS:

Barros Justo, R.
Braña Rey, Fátima
Calo Lourido, Francisco
Curiel, Xoán
De Abel Vilela, Adolfo
Enríquez Morales, M^a José
Fernández Cerviño, M^a Xosé
Fraga, Sara
García Devesa, Xesús
Godinho, Paula
Gómez Aldegunde, Luis
Gómez Gómez, Cristina
González Pérez, Clodio
González Reboredo, X.M.
Lemos, Anxo
Pico, Lorenzo
Pite, Soledad
Soutelo, Raul
Vilar Alvarez, Manuel
Villanueva, M^a Dolores

CONSULTAS INSTITUCIONAIS:

Academia Galega das Ciencias
Asoc. Cultural Vagalumes, A Estrada
Asociación Lugo Patrimonio, Lugo
Biblioteca Púb. Ánxel Casal, Santiago
Casa de Galicia, Córdoba, Arxentina (on line)
Central Folque
Centro Galego de Santa Fe, Arxentina (on line)

Centro Social Cult. Deport. As Pedriñas, Tameiga, Mos
Cidade da Cultura
Concello de Cerdedo-Cotobade
Concello de Santiago de Compostela
Consellería de Cultura e Turismo
Consello da Cultura Galega
Consortio de Santiago
CRTVG
Edicións Xerais de Galicia
Editorial Agua
Editorial Galaxia
El Corte Inglés – Centro Comercial Compostela
Faro de Vigo
Fundación Vicente Risco
Gadisa
Hércules Ediciones
IES Alfredo Brañas, Carballo
IES Lucus Augusti, Lugo
Instituto Ramón Piñeiro
La Voz de Galicia
O Sil, periódico
Productora Queiman e Pousa
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Seminario Galán
Sermos Galiza
Sociedade Galega de Grafoloxía
Universidade de Santiago
Universidade de Vigo